

POLÍTICA DO SISTEMA DE XESTIÓN INTEGRADO

RETEGAL é a empresa pública da Xunta de Galicia encargada da prestación de servizos de telecomunicación no ámbito da Comunidade Autónoma.

Para dar maior garantía na prestación do servizo e así mellorar a satisfacción dos nosos clientes, Retegal ten implantado un Sistema de Xestión Integrado de Calidade, Medio Ambiente e Seguridade e Saúde no Traballo en base aos requisitos das normas ISO 9001:2015, ISO 14001:2015 e ISO 45001:2018.

RETEGAL comprométese a cumprir e facer cumprir os seguintes principios:

- Crear unha cultura de xestión integrada fundamentada na calidade do servizo, a protección ambiental, a prevención dos danos e a prevención do deterioro da saúde dos nosos traballadores.
- Cumprir cos requisitos legais, contractuais ou doutra índole, que nos sexan aplicables en razón da nosa actividade na prestación dos nosos servizos.
- Levar a cabo o noso traballo dentro dunha contorna de xestión que garanta unha mellora continua nos nosos procesos e nos nosos métodos de actuación, mediante o establecemento e revisión periódica dos nosos obxectivos.
- Promover unha comprensión e difusión da nosa política dentro da nosa organización, mediante a formación e comunicación continuada cos nosos traballadores.
- Dispoñer dos recursos (técnicos, materiais e humanos) que sexan necesarios para o adecuado desenvolvemento do noso sistema.
- Minimizar o impacto de recursos naturais, xestionar eficientemente os residuos e previr a contaminación ambiental da nosa actividade mediante o control dos nosos aspectos ambientais significativos.
- Proporcionar condicións de traballo seguras e saudable para a prevención de lesións e deterioro da saúde.
- Eliminar os perigos e reducir os riscos nas nosas actividades.
- Consultar ós traballadores e ós seus representantes sobre cambios e decisións estratéxicas en materia ambiental e de Seguridade e Saúde, e fomentar a súa participación na mellora das condicións no seu posto de traballo.

A política conta co total compromiso e apoio da Xerencia, quen a establece para a consecución dos seguintes obxectivos:

- Controlar e mellorar o funcionamento da organización.
- Proporcionar unha rede de infraestruturas total, segura e eficiente.
- Buscar os beneficios reais para todos os cidadáns de Galicia.
- Cooperar cos seus grupos de interese.
- Ser unha empresa transparente ante a sociedade.
- Establecer un sistema de xestión contrastable e medible, baseada na xestión integral de riscos - Cumprir cos SLAs acordados cos clientes.
- Atender continuamente a todos os grupos de interese cos que interactuamos, controlando os riscos asociados aos mesmos.
- Previr a materialización de riscos que comprometan a imaxe e boa xestión de Retegal (no marco do compliance penal).
- Xestionar e desenvolver actuacións no marco de responsabilidade social corporativa en resposta as necesidades dos nosos grupos de interese.

A Xerencia entende que a implantación do Sistema de Xestión Integrado é responsabilidade de toda a organización e, por iso, solicita a todo o persoal que se familiarice coa documentación do sistema e aplíquea no seu traballo diario. Así mesmo, encomenda a supervisión e apoio aos responsables de cada un dos procesos, para que cumpran coas súas obrigas, e participen no ámbito de cadansúa responsabilidade fomentando a xestión uniforme das actividades conforme o previamente definido e comunicado ao Responsable do Sistema de Xestión Integrado.

Esta política comunícase a todo o persoal para o seu coñecemento, comprensión e cumprimento. Ademais, revísase, analiza e actualiza para a súa continua adecuación.